

CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO DE INICIATIVA SOCIAL

Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social - Artigos do 42 ao 45



QUE SON?

Os centros especiais de emprego son centros de traballo concibidos e deseñados especificamente para as persoas con discapacidade, que producen bens ou servizos e participan nas operacións do mercado.

Os CEE de iniciativa social son os promovidos ou participados en máis dun 50 %, directa ou indirectamente, por unha ou varias entidades, públicas ou privadas, **sen ánimo de lucro ou que teñen recoñecido o carácter social** nos seus estatutos.



REQUISITOS

- **Asegurar o emprego remunerado das persoas con discapacidade, tendo a obriga de que polo menos o 70 % dos postos estean cubertos por persoas con discapacidade.**
- **Destinar os seus beneficios a crear oportunidades de emprego para persoas con discapacidade e mellorar a súa actividade, podendo reinvestilos no propio CEE ou noutros centros do mesmo tipo.**



QUE BENEFICIOS ACHEGAN OS CEE DE INICIATIVA SOCIAL?



PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

constitúen un avance na súa integración, proporcionándolles un acceso ao emprego que lles permite plena autonomía e crecemento persoal e profesional.



PARA AS OUTRAS EMPRESAS

a contratación dun CEE de iniciativa social contribúe a fomentar a Responsabilidade Social Empresarial e a mellora da súa imaxe corporativa.



PARA A SOCIEDADE

Os CEE de iniciativa social teñen un gran valor, xa que:

- **Crean unha sociedade máis xusta e igualitaria**
- **Contribúen ao crecemento económico intelixente, sustentable e integrador**
- **Enriquecen a visión global das empresas, aportando valores e facendo o traballo en xeral máis diverso e enriquecedor**
- **En termos económicos, a integración laboral das persoas con discapacidade supón un gran aforro en pensións e servizos asistenciais**

QUE VANTAXES TEÑEN OS CEE DE INICIATIVA SOCIAL?

ACCESO A CONTRATOS PÚBLICOS

A Lei 9/2017 do 8 de novembro de contratos do sector público establece unha porcentaxe mínima de contratos reservados para os CEE de iniciativa social.

Vantaxe adicional na súa adjudicación: non se exixirá, con carácter xeral, a garantía adicional do 5 % do prezo.



IMPULSO DAS POLÍTICAS DE RSC

A creación ou a contratación dun CEE de iniciativa social favorece a imaxe corporativa no mercado fronte a clientes, provedores, persoas accionistas ou investidoras.

BENEFICIARIOS DE AXUDAS PÚBLICAS

Como a bonificación do 100 % das cotas da Seguridade Social; as deducións por creación de emprego para traballadores con discapacidade no imposto sobre sociedades e a axuda a CEE a fin de promover a integración laboral das persoas con discapacidade.